

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:54

Número 11 .- Proposta dos concelleiros delegados de Medio Ambiente e Convivencia e de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do estudo de mobilidade das actuacións e recuperación do espazo público no ámbito das rúas Campiño de San Francisco e Costa de San Francisco.

Destinatario

15078DCMG1111BHI
²15078DCMG1111BHIg»
²15078DCMG1111BHIg»

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 07 de xullo de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 11 .- PROPOSTA DOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA E DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DO ESTUDIO DE MOBILIDADE DAS ACTUACIÓNS E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NO ÁMBITO DAS RÚAS CAMPIÑO DE SAN FRANCISCO E COSTA DE SAN FRANCISCO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 5 de xullo de 2017, dos concelleiros delegados de Medio Ambiente e Convivencia e de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade. Así mesmo, do informe, da mesma data, da xefe do servizo de Mobilidade e Seguridade, cuxo teor literal é o seguinte:

“O 21 de xaneiro de 2016 se modifican os estatutos da empresa TUSSA, Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, concretamente en canto ó seu obxecto social a sociedade poderá levar a cabo a “promoción e impulso de proxectos de mobilidade e de transportes alternativos e, de ser o caso, a súa xestión, como complemento ó transporte pública”; asemade, como complemento do anterior, tamén poderá levar a cabo cantas actividades ou función sexan anexas e complementarias das relacionadas. Ademais na devandita modificación dos estatutos no artigo 2, no que se recolle o obxecto social da empresa se fai mención expresa a súas características como medio propio e servizo técnico do concello nos

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:54

termos do disposto no artigo 24.6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 2 de novembro para calquera encomenda.

En base a elo e dentro do que constitúe o obxecto social da empresa, a entidade TUSSA a petición das Concellerías de Mobilidade e de Convivencia, en calidade de asesores do concello, elabora un estudio de mobilidade para a recuperación do espazo público no ámbito das rúas Campiño de San Francisco e Costa de San Francisco.

O obxectivo do estudio é a análise da recuperación do espazo público no ámbito destas rúas, onde sen dúbida o continuo paso de peóns nun entorno onde o continuo paso de peóns nun entorno "amigable" para camiñar, entrada de Camiño de Santiago, zona de paso de estacionamento e viaxeiros chegados en autobús etc... fan que a pretendida convivencia peón - vehículo, sexa realmente complicada.

É por tanto unha necesidade para mellorar a seguridade dos peóns a redimensión do espazo público e por tanto a análise pormenorizada de ditos espazos para a súa recuperación e a busca do equilibrio dos mesmos de acordo coa nova estrutura piramidal da mobilidade, onde o peón e os modos brandos deben prevalecer sobre o resto de modos de mobilidade.

Para a realización deste estudo, se levou a cabo a seguinte planificación:

- Primeiramente analizáronse de xeito breve tanto o número aproximado de usuarios que chegan en vehículo motorizado ao entorno (aparcamento e Dársena de autocares).
- Analízanse as vantaxes e desvantaxes da recuperación do espazo público.
- Por último as consecuencias para conxunto do entorno da recuperación peonil da devandita zona.

O estudo analiza a caracterización da situación actual do viario, concluindo que resulta evidente que calquera medida que fora tomada con anterioridade, non foi suficiente e que é necesario a prohibición do paso continuo de vehículos por estas rúas.

Tamén analiza o perfil do usuario a xerarquización do viario, os datos de aforamentos (cuias copias se acompañan á documentación) e as preferencias declaradas. Asemade, se estuda a situación do

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:54

transporte público e do estacionamento na zona, que podería xurdir a raíz da peonalización, creándose bolsas de aparcamento para residentes do casco histórico.

Unha vez valoradas todas estas consideracións o estudio destaca a importancia da recuperación do espazo público sobre o principio de que espazos como este, ou como no seu día se fixo con éxito na rúa de San Pedro, deben ser reconvertidos nun entorno de convivencia, aumentando as súas funcionalidades posibilidades, converténdoos nunha experiencia pública compartida.

O que estase a tratar, en definitiva, é rematar co monocultivo do vehículo privado no noso entorno urbano e devolver ao peón o espazo que lle pertence.

Conclúe cunha proposta de novo modelo de mobilidade e a súa xestión, que pasa pola peonalización das rúas Costa de San Francisco e Campiño de San Francisco, con autorización de paso ó conxunto de axentes implicados (veciños, comercios, etc) e cos condicionantes que se poñan sobre o viario. Polo tanto, ó marxe dos colectivos de mobilidade obrigada, estase a tratar dunha zona de paso, na que se pode aforrar tempo e quilometraxe pero non constitúen vías esenciais de circulación.

Cabe tamén a posibilidade como noutras cidades tanto nacionais coma europeas, de que en días laborables e lectivos se permita o paso segundo a clasificación de hora punto e hora val, claramente visible nos gráficos; aínda que esta solución de futuro.

A proposta consiste que os vehículos privados, xa que o transporte público urbano, autobuses e taxis non se verían afectados, manténdose a parada de taxis existente) en San Francisco non poidan superar en dirección sur, o paso a partir da confluencia das Avda. de Xoán XXIII co Burgo das Nacións e en dirección norte a confluencia entre Entrerríos e Costa de San Francisco, deixando por tanto unha illa peonil no medio de ditas rúas.

A xestión da proposta non precisa a realización de cambios na rede básica nin na local, pero si é preciso un cambio na parte residencial da rúa Castiñeiros, xa que a dirección actual de circulación cara a Xoan XXIII por unha dobre dirección que permita o achegamento á bolsa de estacionamento dos veciños de Castiñeiros, para o que o espazo final da rúa farás as veces de rotonda.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:54

Todos os vehículos non autorizados, que baixen por este tramo de Xoán XXIII, á altura do cruce coa rúa do Burgo das Nacións terá que desviarse por dita rúa.

O mesmo os que suban por García Sabell, ó chegar o cruce coa Coas de San Francisco terá que seguir obrigatoriamente pola rúa Entrerrios.

Poren, permitirase a libre circulación para realizar tarefas de carga e descarga da zona con horario de 7:00 a 10:30 horas.

Serán vehículos autorizados, os usuarios do aparcadoiro da facultade de Menciaña, que ten a súa entrada pola Costa de San Francisco.

Tamén os vehículos que na actualidade podan acceder á Praza do Obradoiro: vehículos municipais, autorizados da facultade de menciaña e aquelas persoas que acceden por San Francisco cara o Hostal dos Reis Católicos ou o Hotel San Francisco.

En canto ó aparcadoiro de Xoán XXIII terá a súa entrada exclusivamente pola rúa do Burgo das Nacións. A saída será tanto por esta rúa, como pola rúa Xoán XXIII. Neste caso, os vehículos sairán obrigatoriamente dirección praza da Paz.

Os vehículos que baixen pola Costa Nova de Abaixo terán que incorporarse a Xoán XXIII facendo o xiro dirección praza da Paz.

A rúa dos Castiñeiros xa non terá saída ó campo de San Francisco. Só se permitira á circulación ata a entrada do aparcadoiro do hotel San Francisco, sendo de dobre sentido de circulación este tramo, no que vai a estar reservado o seu aparcamento existente para os residentes da zona 8 Pelamios.

Para facer efectiva esta proposta de ordenación viaria procederase a súa sinalización, indicando as prohibicións, horario de paso permitido para carga e descarga, etc.

Expediranse tarxetas habilitantes a todas as persoas autorizadas, tanto de residencia como de paso e parada, que permitirán o acceso ós residentes e aqueles que por circunstancias especiais precisen acceder á zona, as tarxetas de residentes se concederán unha vez que se determine a posible creación de bolsas de aparcamento e ós veciños da rúa Castiñeiros que o soliciten, como residentes da zona 8 Pelamios.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:54

Con relación á implantación da proposta na vía pública, os efectos de sinalización, xúntase plano elaborado por este servizo no que se recollen as medidas a adoptar.

O Concello por acordo da Xunta de Goberno Local con data 22 de xuño de 2012 aprobou o Plan de Mobilidade Urbana Sostible da Cidade.

Non existe unha normativa específica que regule os Estudos de Mobilidade, as normas soamente estanse a referir ós plans de mobilidade e neste senso, o artigo 100 e 101 da Lei 2/2011 de 4 de marzo de Economía Sostible, establece cales deben ser os obxectivos que as administracións públicas teñen que perseguir no desenvolvemento dunha política de mobilidade sostible, obxectivos que está a cumprir o Estudio presentado:

Concretamente o artigo 101.1 dispón: *Los Planes de Movilidad Sostenible son un conjunto de actuaciones que tienen como objetivo la implantación de formas de desplazamiento más sostenibles en el ámbito geográfico que corresponda, priorizando la reducción del transporte individual en beneficio de los sistemas colectivos y de otros modos no motorizados de transportes y desarrollando aquéllos que hagan compatibles crecimiento económico, cohesión social, seguridad vial y defensa del medio ambiente, garantizando, de esta forma, una mejor calidad de vida para los ciudadanos. Estos planes deberán dar cabida a soluciones e iniciativas novedosas, que reduzcan eficazmente el impacto medioambiental de la movilidad, al menor coste posible.*

O parágrafo terceiro do meritado artigo 101 fai referencia ó contido mínimo destes plans, que transpolando ó Estudio, tamén cumpre o documento, por contar cun diagnóstico da situación, os obxectivos a acadar, as medidas a adoptar, os procedementos de xestión; ase como as medidas a adoptar en orde á seguridade vial.

E, en derradeiro lugar, a respecto da elaboración e revisión dos mesmos, determina o parágrafo 5º do artigo 101, o seguinte:

5. En la elaboración y revisión de los Planes de Movilidad Sostenible a que se refiere este artículo, se garantizará la participación pública según lo previsto en la Ley 27/2006, de 18 de julio, que regula los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:54

O Estudio recolle os obxectivos que deben inspirar unha política de mobilidade sostible promovida polo concello de Santiago, segundo se fai constar na introdución do documento

Por outra banda, o Estudio se enmarca dentro das directrices e obxectivos da planificación do Plan de Mobilidade do Concello, respectando ase a orde xerárquico superior.

A respecto da participación cidadán a norma fai mención a esta exigencia referida os Plans de Mobilidade, non ós estudos concretos e remite a Lei 27/2006 de 18 de xuño que regula os dereitos de acceso á información e participación cidadán a respecto dos planes, programas ou disposicións de carácter xeral relacionadas co medio ambiente. Neste caso, non estamos ante un planeamento ou norma xeral, polo que non procede a aplicación deste artigo, non sendo precisa a información pública do documento; sen prexuízo de que se proceda a dar a debida publicidade ó acordo de aprobación mediante publicación na paxina web do concello e nos xornais de maior difusión da cidade para xeral coñecemento.

En todo caso, antes da posta en marcha dos instrumentos necesarios para a peonalización, como o control de accesos, os residentes e demais cidadáns da cidade serán cumpridamente informados, tamén a través dos medios de difusión electrónica e nos xornais de maior difusión na cidade.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a aprobación do Estudio de Mobilidade sobre as Actuacións de Recuperación de Espazo Público no Ámbito da rúa de San Pedro, elaborado pola entidade TUSSA, como servizo técnico do concello que promove a peonalización da rúa de San Pedro, no seu eixo principal, confluencia da rúa Aller Ulloa-Cruceiro de San Pedro (Concheiros)).

O acordo será publicado na páxina web do concello; ase como en dous dos xornais de maior difusión na cidade para xeral coñecemento da cidadanía e notificado ós servizos e departamentos implicados."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o Estudio de Mobilidade sobre as Actuacións de Recuperación de Espazo Público no Ámbito das rúas Campiño de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111BH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-07-17 08:54

San Franciso e Costa de San Francisco, elaborado pola entidade TUSSA, como servizo técnico do concello que propón a peonalización destas rúas, onde o continuo paso de peóns convivindo cos vehículos resulta unha situación complicada e as veces aínda perigosa.

Estase a tratar, polo tanto de resolver esta cuestión puntual de ordenación de tráfico e crear un entorno de convivencia, que aumente a funcionalidade e as posibilidades dun viario que debe devolverse aos peóns.

Este acordo será publicado na páxina web do concello; así como en dous dos xornais de maior difusión na cidade para xeral coñecemento da cidadanía e notificado aos servizos e departamentos implicados.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández